

SEGURO DE ACCIDENTES COLECTIVO PARA OS ASISTENTES E PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF 2024-C003-000008.

Lugo, 26 de agosto de 2024

----- ASINANTES -----

Dunha parte, **DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ**, Ilmo. Tenente de Alcaldesa da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia do Tenente de Alcaldesa da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, en representación do Excmo. Concello de Lugo, pola delegación conferida segundo o Decreto núm. 4036/2024, de 30 de abril, e demais normativa de aplicación. -----

E doutra **DON DANIEL VILA BAYÉ**, co DNI 79302461W, en nome e representación de **MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A**, co CIF A08171373, segundo a Escritura de conferimento de poderes outorgada o 16 de abril de 2015 ante o Notario do Ilustre Colexio de Cataluña, con residencia en Barcelona, don José-Vicente Torres Montero, co número 673 do seu protocolo, e con respecto a que o comparecente declara que non houbo modificacións posteriores e que se atopa en vigor.-----

Ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade respectivamente para a formalización do presente contrato, sendo asinado así mesmo por **DON JUSTO DÍAZ RODRÍGUEZ**, Vicesecretario Accidental do Excmo. Concello de Lugo, nas súas funcións de fedatario público. -----

----- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS -----

PRIMEIRO.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 8/185, do 24 de abril de 2024, polo que se aprobou, entre outros, a **CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ACCIDENTES COLECTIVO PARA OS ASISTENTES E PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2024-C003-000008**, aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e de regulación harmonizada. (Incluído no expediente publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público). -----

SEGUNDO.- Tramitación regulamentaria do expediente. -----

TERCEIRO.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 1/348, do 31 de xullo de 2024, polo que se aprobou, entre outros, "(.../...) Adxudicar a **CONTRATACIÓN DO**

Contratación e Patrimonio

ATM/cml

Refº: ispac2706230788787183920.doc

Asunto:

SEGURO DE ACCIDENTES COLECTIVO PARA OS ASISTENTES E PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF 2024-C003-000008, á mercantil MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A, co CIF A08171373, conforme a seguinte oferta:

- Unha prima anual de 25.866,60 euros.

As seguintes melloras nas coberturas:

- Incremento sobre a suma asegurada para a cobertura do falecemento por accidente de 6000 euros sobre o capital asegurado de 12.000 euros

- Incremento da suma asegurada para a cobertura de invalidez permanente parcial por accidente de 6000 euros sobre o capital asegurado de 12.000 euros

- Incremento do capital asegurado para la cobertura de asistencia sanitaria en centro de libre elección 3000 euros

Con cargo á aplicación orzamentaria 92090.22400 e RC 23691 polo que deberá anularse os saldos de créditos que procedan.(.../...) (Incluído no expediente publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público). -----

----- CLÁUSULAS DO CONTRATO -----

PRIMEIRA.- DON DANIEL VILA BAYÉ, co DNI 79302461 W, en nome e representación de **MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A**, co **CIF A08171373**, comprométese a execución do contrato correspondente ao **SEGURO DE ACCIDENTES COLECTIVO PARA OS ASISTENTES E PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF 2024-C003-000008** con estrita suxeición aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas, así como o acordo de adxudicación, aprobados pola Administración municipal, documentos contractuais que acepta plenamente, e demais condicións presentadas na súa oferta.-----

SEGUNDA.- PREZO DO CONTRATO.

- Unha prima anual de 25.866,60 euros.

E as seguintes melloras nas coberturas:

- Incremento sobre a suma asegurada para a cobertura do falecemento por accidente de 6000 euros sobre o capital asegurado de 12.000 euros

- Incremento da suma asegurada para a cobertura de invalidez permanente parcial por accidente de 6000 euros sobre o capital asegurado de 12.000 euros

- Incremento do capital asegurado para la cobertura de asistencia sanitaria en centro de libre elección 3000 euros

Con cargo á aplicación orzamentaria 92090.22400 e RC 23691, polo que deberán anularse os saldos de créditos que procedan. (Incluído no expediente publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público).-----

TERCEIRA.- PAGAMENTO.

O pago das primas realizátese de forma anual. O pago realizátese previa presentación da correspondente factura, unha vez efectuados os controis regulamentarios correspondentes, e conformada polo responsable do contrato e o concelleiro/para delegado da área que corresponda á unidade

As facturas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asignados ao Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura serán, salvo modificación acordada por resolución do titular da Área ou Concellería correspondente, os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.

Órgano Xestor: LA0005478. Alcaldía.

Unidade Tramitadora: LA0005489. Asesoría Xurídica.

En todo caso, deberá incluírse na factura electrónica a identificación do nº de expediente de contratación: EXP. REF. 2024-C003-000008

CUARTA.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración inicial do contrato será de UN ANO contado a partir da formalización do contrato.

O contrato poderá prorrogarse por períodos máximos anuais por mutuo acordo das partes. Para ese efecto, o contratista comunicará cunha antelación de dous meses á súa finalización, a súa intención de prorrogar ou non o contrato iniciándose o correspondente expediente aos devanditos efectos.

Contratación e Patrimonio

ATM/cml

Refº: ispac2706230788787183920.doc

Asunto:

A falta de comunicación do contratista no prazo previsto implicará a perda de dereito ao mutuo acordo e o Concello decidirá unilateralmente sobre a continuación do mesmo.

A duración total de contrato, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de CATRO ANOS.-----

QUINTA.- Para responder do cumprimento deste contrato foi constituída, a favor do Concello, garantía definitiva mediante ingreso en metálico por importe de 1.293,33 euros, segundo a carta de pago núm. 49524/2024, do 3 de xullo, que figura no expediente. -----

SEXTA.- O contratista da a súa conformidade aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que rexen este contrato, aprobado pola Administración municipal, sométese aos preceptos da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, do Real decreto 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro e Real decreto 817/2009 do 8 de maio, así coma a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que fose de aplicación, e demais disposicións vixentes en materia de contratos que sexan aplicables ás corporacións locais.-----

SÉTIMA.- Así mesmo, o contratista manifesta expresamente que no momento da firma do presente contrato atópase ao corrente das súas obrigas tributarias, incluídas co Concello de Lugo e coa Seguridade Social e, en cumprimento do disposto no artigo 71 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, manifesta non atoparse en circunstancia de prohibición de contratar coa Administración.-----

Para a debida constancia de todo o convido, asínase este contrato mediante a sinatura electrónica dos intervinientes.-----

P.D.: O TENENTE DA ALCALDESA DELEGADO
ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLOXICA,
SUPLENCIA DO TENENTE DA ALCALDESA
XESTION INTEGRAL E RECURSOS INTERNOS,

O CONTRATISTA,

Asdo.: Miguel Fernández Méndez

Asdo.: Daniel Vila Bayé

O VICESECRETARIO ACCIDENTAL,

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez